

## Introdución ao h5p

H5p é **unha plataforma de creación de contidos interactivos, gratuíta e aberta**, que podemos utilizar en edixgal e na aula virtual e é multiplataforma, é dicir vale tanto para windows como para linux e IOS. Está feito principalmente con Javascript e esta ferramenta capacita ao profesorado para crear, compartir e reutilizar contido interactivo con facilidade.

Cando activamos edición en edixgal ou na aula virtual é unha das opcións que aparecen á hora de engadir unha actividade ou un recurso nos nosos temas. Hai que ter coidado e picar na icona h5p azul e non na negra.

### TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN 1ºESO


Taboleiro / Os meus cursos / TECNO 1ESO



Activar a edición

+ Engadir unha actividade ou un recurso

E na seguinte ventá escollemos a icona H5P azul:



Na seguinte ventá teríamos:

Engadindo un novo H5P a MECANISMOS


Xeral

Nome

Descrición



Ficheiro de paquete




Nesta ventá meteríamos o nome da tarefa e en Ficheiro de paquete é onde temos que introducir o noso arquivo h5p que estaría no **banco de contidos**. Por isto é mellor ir primeiro ao banco de contidos e crear alí o contido h5p, para posteriormente subilo as nosas tarefas.


Para ir ao banco de contidos picamos no noso curso na esquerda:



E despois en Banco de contidos



E agora xa picamos en Engadir e escollemos que tipo de contido H5P imos crear:



Que no noso caso de exemplo escollemos Interactive Video.


Agora picamos en Subir/Inserir vídeo:

The screenshot shows the 'Interactive Video' interface. At the top, there are buttons for 'Guardar' (Save) and 'Cancelar' (Cancel). Below these are 'Copy' and 'Paste & Replace' buttons. The main section is titled 'Interactive Video' and has a 'Título' (Title) field with a 'Metadata' tab. Below the title field is a description: 'Used for searching, reports and copyright information'. The interface is divided into three steps: 'Step 1: Subir/Inserir vídeo' (highlighted), 'Step 2: Engadir interaccións' (Add interactions), and 'Step 3: Tarefa de resumo' (Summary task). Under 'Step 1', there is a section titled 'Engadir un vídeo' (Add a video) with a sub-header 'Engadir un vídeo \*'. Below this is a paragraph of text: 'Preme na parte inferior para engadir o vídeo que queres usar no teu vídeo interactivo. Podes engadir un enlace ao vídeo ou cargar un ficheiro de vídeo. Pódense engadir varias versións dun mesmo vídeo con diferentes calidades. Para asegurar a máxima compatibilidade cos navegadores, e aconsellable engadir polo menos unha versión nos formatos webm e mp4.' Below the text is a dashed box with a plus sign (+). Below the dashed box are two expandable sections: 'Vídeo Interactivo' and 'Fontes de texto (Non funciona con vídeos de Youtube)'.


E a continuación picamos no cadrado gris cun + e danos dúas opcións subir un vídeo propio ou un link dun vídeo de Youtube e a continuación picamos en Insert

The screenshot shows a dialog box titled 'Engadir un vídeo \*'. Below the title is a paragraph of text: 'Preme na parte inferior para engadir o vídeo que queres usar no teu vídeo interactivo. Podes engadir un enlace ao vídeo ou cargar un ficheiro de vídeo. Pódense engadir varias versións dun mesmo vídeo con diferentes calidades. Para asegurar a máxima compatibilidade cos navegadores, e aconsellable engadir polo menos unha versión nos formatos webm e mp4.' The dialog box is divided into two sections: 'Upload video file' and 'Paste YouTube link or other video source URL'. The 'Upload video file' section has a dashed box with an upload icon. The 'Paste YouTube link or other video source URL' section has a text input field with a play button icon and the placeholder text 'Enter video source URL or YouTube link'. Below the input field is a paragraph of text: 'H5P supports all external video sources formatted as mp4, webm or ogv, like Vimeo Pro, and has support for YouTube links.' At the bottom right of the dialog box are two buttons: 'Insert' and 'Cancel'.

Unha vez subido o vídeo xa podemos ir ao seguinte paso que é Engadir interaccións



Nas interaccións decidiremos en que momento queremos pausar o vídeo para introducir preguntas ao alumnado e o tipo das mesmas (verdadeiro, falso, elección simple, elección múltiple,...)




Para escoller o tipo de pregunta arrastramos unha icona da barra horizontal sobre o vídeo.




Algunha das eleccións que podemos facer é:

- Elección simple
- Elección múltiple
- Verdadeiro-falso


Por exemplo imos introducir unha pregunta de elección simple no minuto 25. Para isto paramos o vídeo no minuto 25 e arrastramos a icona de elección simple (single choice test) sobre o vídeo.




Escollemos Pausar video seleccionamos Póster e podemos poñerlle un título á pregunta.




Máis abaixo, introduciremos a pregunta e as respostas, na primeira poñemos a correcta.



Despois de meter todas as posibles respostas picamos na parte inferior en Feito e teríamos a pregunta encima do vídeo:



Picando na pregunta e tirando das esquinas ampliámos o tamaño para que se vexan ben a pregunta e as posibles respostas.




Picamos abaixo en Gardar e xa quedaría a pregunta.

Indo ao paso 3 podemos introducir unha tarefa de resumo final, na que o alumnado ten que contestar unha pregunta.

A screenshot of the 'Tarefa de resumo' (Summary Task) form. The form has three steps: Step 1: Subir/Inserir vídeo, Step 2: Engadir interaccións, and Step 3: Tarefa de resumo. The form includes fields for Title, Introduction text, and Summary text. The Summary text field is currently empty. The form also includes a 'Conxunto de frases' (Phrase Set) section with a list of phrases for the summary.

Unha vez rematado este proceso, o alumnado irá respondendo todas as preguntas a medida que vai reproducindo o vídeo, e o programa irá respondendo se é correcta ou non e ao final do vídeo dará un resumo con todas as preguntas e se acertaron ou non.




A tarefa final amósase como botón non como póster, temos que picar nel cando apareza no vídeo.



| ★ 4 Pregunta(s) respondidas   |                                   | ✕          |
|-------------------------------|-----------------------------------|------------|
| Enviáronse as túas respostas! |                                   |            |
| Preguntas respondidas         |                                   | Puntuación |
| 4:08                          | Cascanueces                       | 1 / 1      |
| 6:42                          | Grado de las tijeras como palanca | 1 / 1      |
| 25:07                         | Pregunta mecanismos               | 1 / 1      |
| 25:32                         | Untitled Summary                  | 1 / 1      |


Se nalgún momento queremos modificar ou eliminar algunha interacción (pregunta) entón imos ao noso contido h5p no banco de contidos picamos nel



Na seguinte ventá picamos en editar:



E facemos click sobre o punto da interacción que queremos modificar ou eliminar



Aparecerá a pregunta e picamos sobre ella, e entón teremos o seguinte menú onde poderemos editar ou eliminar a interacción.




Unha vez que esté rematado o contido h5p creado, quedará no banco de contidos do noso curso de tal xeito que se o queremos utilizar para crear una actividade con h5p tal como explicamos na primeira páxina, para subir o ficheiro h5p á nosa actividade faríamolo picando en:

Ficheiro de paquete



Tamaño máximo dos ficheiros: Sen límite, número máximo de ficheiros: 1



Tipos de ficheiros aceptados:

E a continuación en content bank, onde escolleríamos o ficheiro h5p xa creado.

